

**MOCIÓN DE AER SOBRE A NON INSTALACIÓN DUN “PALCO PRESIDENCIAL”
NAS FESTAS DA COCA**

PLENO 29 SETEMBRO 2013. ACTA 9/2013

Vista a moción de AER, declarada de urxencia, que transcrita di: “Dende hai anos, acostúmase poñer un “palco presidencial” na Festa da Coca para que a Corporación Municipal observe con todo luxo de detalles a Danza das Espadas. Dende Agrupación de Electores de Redondela non compartimos que os representantes políticos teñan que ter máis privilexios que a cidadanía, polo que deberían facer cola como calquera persoa.

Polo anteriormente exposto, propoñemos o seguinte acordo:

- Que non se coloque palco algún á Corporación para poder ver a Danza das Espadas.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno do Concello, por maioría dos seus membros presentes, sendo once votos a favor (8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) e dez en abstencións (10 do PP), acorda aprobar a moción nos antecedentes transcrita.